



RESUMO DO MANIFESTO

POLA PROTECCIÓN DA SERRA DO GALIÑEIRO

Texto completo na web: www.serradogalinheiro.org

A Serra do Galiñeiro, lugar natural de encontro dos Concellos de Vigo, Gondomar, Mos, O Porriño e Tui, **é un lugar senlleiro polos seus valores naturais** (xeolóxicos, biolóxicos, paisaxísticos), **culturais** (históricos, arqueolóxicos, etnográficos), **sociais e económicos** (actividades tradicionais que aproveitan de xeito sustentable e rendible os recursos do monte; actividades de lecer; deportes de natureza sustentables). As asociacións cidadás que subscribimos este manifesto consideramos que este espazo natural e os seus valores teñen que ser protexidos ao amparo das lexislacións europea, estatal e galega vixentes.

Denunciamos as actividades altamente impactantes que estragan a Serra: a plantación masiva e proliferación de especies foráneas (eucaliptos, piñeiros e acacias); a proliferación de canteiras, moitas delas ilegais; a apertura masiva de pistas, o seu ancheado e recrecemento con entullos, e o seu asfaltado; a práctica deportiva con vehículos a motor dentro e fora das pistas; os movementos de terra sen control e os vertedoiros incontrolados de lixo e entullo. **As grandes infraestruturas en proxecto** (parques eólicos e estradas de circunvalación urbana) ameazan con degradar a Serra dun xeito xeralizado e irreversible.

Solicitamos a protección da Serra do Galiñeiro polo seu valor como espazo natural e cultural. Queremos que siga sendo un referente paisaxístico da nosa terra, e que perviva a súa riqueza xeolóxica, e que os seus hábitats continúen acubillando flora e fauna singulares en Galicia. Queremos que os petroglifos, as mámoas e as numerosas cavidades con valor xeolóxico, arqueolóxico e etnográfico da Serra se manteñan inalterados no seu contexto natural e histórico e, con eles, o patrimonio inmaterial que neles mora. Queremos que perdure o aproveitamento multifuncional da Serra que fan moitas Comunidades de Montes, veciños e particulares, mediante actividades sustentables e rendibles que manteñen viva a identidade do rural.

A Serra do Galiñeiro debe quedar libre de actividades e artificializacións destrutivas. E seguir acollendo, en paz, o pastoreo de gando ceibe: cabalos, vacas, ovellas e cabras. E seguir abastecendo, sen alteracións, as traídas de auga potable da veciñanza do seu entorno. E seguir sendo un valioso lugar de leite vital, cultura e deporte de natureza para unha zona tan poboada como é a terra de Vigo, o Val Miñor, a Louriña, o Baixo Miño e o Morrazo.

Os abaixo asinantes asumimos o manifesto e solicitamos a protección da Serra do Galiñeiro

NOME E APELIDOS	D.N.I.	SINATURA
5		
10		
15		

Os abaixo asinantes asumimos o manifesto e solicitamos a protección da Serra do Galiñeiro

NOME E APELIDOS	D.N.I.	SINATURA
20		
25		
30		
35		
40		
45		